

EXPEDIENTE: 5705/2022

ASUNTO: RELACIÓN FINAL DE ADMITIDOS BOLSA EMPREGO OFICIAIS SEM
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Por Resolución de alcaldía de data 12/12/2022 aprobáronse as bases que rexen a convocatoria do proceso de selección para a creación dunha bolsa de traballo que sirva para a cobertura, mediante a contratación laboral temporal de oficial do servizo de emerxencias municipal (anuncio e bases da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 238 de data 19 de decembro de 2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal).

O 28/12/2022 se publicou Resolución de Alcaldía onde constaba o listado provisional de persoas admitidas e excluídas.

O 02/01/2023 rematou o prazo para a presentación de alegacións contra ese listado provisional. Os candidatos Adrián Gude Gude e Rubén Lema Caamaño presentaron a xustificación dos requisitos pendentes en forma e prazo.

Consta no expediente unha alegación presentada fora de prazo (05/01/2023) polo candidato Marco Antonio Otero.

Logo de revisadas as alegacións presentadas e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos na base 4 das que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Visto canto antecede RESOLVO:

Primeiro.- Acepta-las alegacións presentadas por Adrián Gude Gude e Rubén Lema Caamaño.

Segundo.- Non acepta-las alegacións presentadas fora de prazo por Marco Antonio Otero González

Terceiro.- Declarar definitivamente admitidos no concurso-oposición convocado por resolución de alcaldía de data 12/12/2022, que rexe o procedemento do proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego laboral temporal de oficiais do servizo de emerxencias municipal, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base 4ª das que rexen este procedemento:

Nome	CELGA
ADRIAN GUDE GUDE	Exento
ADRIAN VIGO BARREIRO	Exento
BORJA NUÑEZ ZAPATA	Exento
FRANCISCO JOSE BRANDARIZ OTERO	Exento
IVAN CALVIÑO GOMEZ	Exento
LUIS EDUARDO CHARLIN PADIN	Exento
PEDRO VIDAL SANCHEZ	Exento
RAFAEL RIAL SANCHEZ	Non exento
ROQUE CASTRO SOUTO	Exento
RUBEN LEMA CAAMAÑO	Exento
SAMY ALEXANDER LOPEZ AGUILAR	Exento



Cuarto.- Declarar definitivamente excluído no concurso-oposición convocado por resolución de alcaldía de data 12/12/2022, que rexe o procedemento do proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego laboral temporal de oficiais do servizo de emerxencias municipal, á seguinte persoa e polo seguinte motivo:

Nome	Motivo da exclusión
MARCO ANTONIO OTERO GONZALEZ	INFORME MÉDICO NON VÁLIDO. ALEGACIÓNS PRESENTADAS FORA DE PRAZO

Quinto.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidente: Ignacio Javier Pérez Hermo
Presidente Suplente: Francisco Alcalde Laíño
Secretaria: María Mariño Poza
Secretario Suplente: Martín Blanco Buceta
Vogal 1: Pablo Núñez Hermo
Vogal 1 suplente: J. Andrés Coira Silva
Vogal 2: César R. Tarela Pérez
Vogal 2 suplente: J. Joaquín Núñez Hermo
Vogal 3: M.^a Dolores Franco López
Vogal 3 suplente: Montserrat Torrado Tarela

Sexto.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello www.boiro.gal, a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e **convocar** a tódolos aspirantes admitidos para o vindeiro martes **17/01/2023 ás 9:00 horas no Campo da Alta na Pobra do Caramiñal** para a realización das probas físicas.

A continuación se realizará a proba de coñecementos no Salón de Plenos do Concello de Boiro.

A **proba de coñecementos da lingua galega** realizarase inmediatamente despois do remate da proba de coñecementos para todos os candidatos que non acreditasen estar en posesión do Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

Os aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

Sétimo.- Notificar a presente resolución ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, na data que se indica ao marxe, na sinatura dixital.

O ALCALDE

O SECRETARIO

